

POR QUE CCOO DESCONVOCA A FOLGA DOS TÉCNICOS SANITARIOS MEDIOS E SUPERIORES DO 15.06.2026?



**A FOLGA NON SE CANCELA,
APRÁZASE**

1 APRAZAMENTO DA FOLGA

CCOO decide pospoñer a xornada de folga prevista para o 15 de xuño de 2026 para abrir unha nova fase de traballo que permita reforzar a capacidade de interlocución, ampliar apoios e aumentar as posibilidades reais de alcanzar unha solución definitiva ao conflito de clasificación profesional que afecta aos técnicos superiores e técnicos medios.



2 NOVA VÍA DE NEGOCIACIÓN

CCOO solicitou unha reunión co novo equipo do **Ministerio de Facenda**, administración que desempeña un papel determinante.

A solución á reclasificación profesional depende tamén da súa participación activa para culminar o proceso de adaptación da clasificación profesional e o seu recoñecemento retributivo dentro do SNS.



3 QUE RECLAMAMOS?

- 1 A adaptación da clasificación profesional ás titulacións esixidas.
- 2 O recoñecemento do Marco Español de Cualificacións.
- 3 O cumprimento dos compromisos adquiridos en materia de emprego público.
- 4 O recoñecemento retributivo correspondente.

4 MÁIS UNIDADE = MÁIS FORZA

Durante as últimas semanas, diversas organizacións sindicais, plataformas profesionais e colectivos representativos trasladaron a CCOO a súa vontade de colaborar e participar nunha estratexia conxunta para defender esta reivindicación.

A dimensión do problema esixe sumar esforzos e non dividir.



5 DESCONVOCAR NON É RENUNCIAR

Aplazar esta xornada de folga:

NON SIGNIFICA

Abandonar as reivindicacións.
Renunciar ás mobilizacións.

SÍ SIGNIFICA

Sumar apoios.
Coordinar accións.
Incrementar a presión sobre as administracións competentes.

6 QUE PASARÁ AGORA?

CCOO seguirá impulsando todas as iniciativas necesarias. Durante este período promoveremos:

- ! Espazos de encontro e coordinación.
- ! Unha folia de ruta común.
- ! Poñer en común propostas.
- ! Novas mobilizacións e accións conxuntas con calendario de medidas de presión.
- ! Iniciativas para conseguir o recoñecemento profesional e retributivo que corresponde a estes traballadores e traballadoras.



7 O NOSO COMPROMISO

O noso compromiso segue sendo o mesmo: lograr que a reclasificación profesional publicada en BOE se converta nunha realidade para os Técnicos Medios Sanitarios e Superiores do conxunto do Sistema Nacional de Saúde.